

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Sinala cuál das seguintes afirmacións NON É CORRECTA:

- A) O tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, agás que a lei dispoña outra cosa.
- B) O tratamento dos datos de carácter persoal requirirá, en todo caso, o consentimento inequívoco do afectado.
- C) Non será preciso o consentimento do afectado cando os datos de carácter persoal se recollan para o exercizo das funcións propias das Administracións públicas no ámbito das súas competencias.
- D) Non será preciso o consentimento do afectado cando o tratamento dos datos teña por finalidade protexer un interese vital do interesado.

2. O persoal fixo que sexa destinado en comisión de servizos, con carácter temporal, ao desempeño de funcións especiais non adscritas a unha determinada praza ou posto de traballo:

- A) Percibirá as retribucións da súa praza ou posto de orixe.
- B) Percibirá as retribucións correspondientes ao posto que vaia a desempeñar en comisión de servizos.
- C) Non terá dereito á reserva da súa praza ou posto de traballo.
- D) Terá dereito á reserva da súa praza ou posto de traballo durante un período máximo de 3 anos.

3. Cal das seguintes materias quedan excluídas da obrigatoriedade de negociación?

- A) Os plans de acción social.
- B) O sistemas de carreira profesional.
- C) O réxime de permisos e licenzas.
- D) As decisións do servizo de saúde que afecten ás súas potestades de organización, ao exercizo de dereitos polos cidadáns e ao procedemento de formación dos actos e disposicións administrativas.

4. De acordo co artigo 50 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, cal das seguintes funcións non está comprendida dentro da atención primaria?

- A) A atención paliativa a enfermos terminais.
- B) A atención pediátrica.
- C) A rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable.
- D) A atención á saúde mental, en coordinación cos servizos de atención especializada.

5. De acordo co artigo 155 da Constitución Española, se unha Comunidade Autónoma actuara de xeito que atente gravemente ao interese xeral de España:

- A) O Goberno, previo requirimento ao Presidente da Comunidade Autónoma e, no caso de non ser atendido, coa aprobación por maioría absoluta do Senado, poderá adoptar as medidas necesarias para a protección do mencionado interese xeral.
- B) As Cortes Xerais adoptarán, por maioría absoluta, as medidas necesarias para a protección do mencionado interese xeral.
- C) O Goberno deberá adoptar directamente as medidas necesarias para a protección do mencionado interese xeral.
- D) O presidente do Goberno propondrá ás Cortes Xerais as medidas que considere necesarias para a protección do mencionado interese xeral, as cales deberán ser aprobadas pola maioría absoluta dos seus membros.

6. O consentimento informado:

- A) Deberá prestarse, como regra xeral, por escrito.
- B) Poderá prestarse sempre de forma verbal.
- C) Prestarase por escrito nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores, e, en xeral, na aplicación de procedementos que supoñan riscos ou inconvenientes de notoria e previsible repercusión negativa sobre a saúde do paciente.
- D) Poderá prestarse ante calquera profesional sanitario designado polo propio paciente.

7. De acordo co artigo 62 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, as Áreas de Saúde, para acadar a máxima operatividade e eficacia no funcionamento dos servizos a nivel primario dividiránse en:

- A) Zonas primarias de saúde
- B) Zonas básicas de saúde
- C) Zonas inferiores de saúde
- D) Zonas municipais sanitarias

8. Segundo o artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Presidente da Xunta:

- A) Dirixe e coordina a acción da Xunta.
- B) Ostenta a representación da Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) Ostenta a representación do Goberno da Nación en Galicia.
- D) A a) e a b) son correctas.

9. Será obrigatoria a constitución dun Comité de Seguridade e Saúde naquelas empresas ou centros de traballo que:

- A) Conten con 50 ou mais traballadores.
- B) Conten con mais de 10 traballadores.
- C) Non dispoñan de ningún delegado de prevención.
- D) A constitución do dito órgano terá en todo caso carácter facultativo.

10. O principal órgano colexiado de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia recibe o nome de:

- A) Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) Consello Galego de Saúde.
- C) Comisión de participación cidadá.
- D) Consello Asesor de Pacientes.

Preguntas de reserva

1. As retribucións básicas e as contías do salario e os trienios do persoal estatutario:

- A) Determinaránse nas correspondentes leis de orzamentos.
- B) Determinaránse no ámbito de cada servizo de saúde.
- C) Non coincidirán necesariamente coas establecidas para os funcionarios públicos.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

2. A creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións públicas só poderán facerse:

- A) Mediante resolución ditada polo órgano responsable do ficheiro.
- B) Por medio de disposición xeral publicada no«Boletín Oficial do Estado» ou Diario Oficial correspondente.
- C) Unha vez fose autorizada a mesma pola Axencia Española de Protección de Datos.
- D) Cando concorran razóns de interese público que así o aconsellen.

